

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

A CIG LEVA RAZÓN, POR ISO DENUNCIAN O CONVENIO

A UXT e CCOO acaban de denunciar o IV Convenio Único do persoal laboral da AXE. Toman esta decisión unha vez din superada a implantación da clasificación profesional, a mobilidade, o troco de réxime xurídico, a xubilación parcial e o novo sistema complementario. Agora din que é hora de mellorar as condicións económicas do persoal laboral e lograr a equiparación de todo o persoal da AXE. Cuestións que nos levamos reclamando desde fai moito tempo.

Desde a CIG, queremos denunciar a hipocrisía e o descaro destas organizacións que pretenden tapar as súas vergoñas derivadas das derradeiras actuacións e acordos, emprendendo un camiño a ningures. Estas son algunhas:

- **Estes “Sindicatos” que reclaman unha mellora dos nosos salarios son os mesmos que asinaron o *Acordo Marco para a Administración do século XXI***, que supuxo ,aproximadamente, unha perda do 18% do noso poder adquisitivo. Ademais pretenden escenificar unha falsa reivindicación cando son perfectamente coñecedores que é improbable acadar maiores subas sen Orzamentos do Estado.
- **Son tamén os mesmos que asinaron os acordos de complementos salariais, que pese ós avisos da CIG, deixaron a moitísimo persoal fora**, e do que agora non saben como saír, convertendo o sistema de complementos nunha feira no que propoñen asignacións indiscriminadamente a costa de amortizar os postos vacantes, que se perden para sempre.
- Tamén son conscientes dos **múltiples aspectos do IV Convenio que aínda están sen rematar**, nos que estábamos traballando e que agora con este *brinde ó sol* quedan paralizados; están sen **rematar o encadramento, o troco de réxime xurídico, a actualización de complementos**, e tiñamos un Grupo de Traballo para garantir unha **aplicación homoxénea da Xubilación Parcial** que agora queda paralizado.

Así que se vos encontrades nalgunha destas situacións e vedes que co paso do tempo non ten solución, tampouco vos sube o salario nin tedes novo convenio, xa sabedes a quen lle podedes pedir contas.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota